

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 20 de agosto de 2014 pola que se amplían os proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, autorizados pola Orde do 6 de xuño de 2014.

A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e as entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos propios da actividade, así como a actualización profesional.

Mediante a Orde do 6 de xuño de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 16 de xuño) autorizáronse proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos en colaboración con diversas entidades.

Desde o momento da publicación desta orde, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou outro convenio de colaboración en materia de formación profesional dual para o curso 2014/15 e seguintes.

Na súa virtude, co fin de pór en funcionamento este proxecto de formación profesional dual de carácter experimental, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto a autorización e a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual de ciclos de formación profesional polo réxime de persoas



adultas en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, que amplía os proxectos autorizados pola Orde do 6 de xuño de 2014 (DOG do 16 de xuño).

O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80 % os gastos de funcionamento ocasionados coa posta en marcha destas ensinanzas no centro educativo e os gastos do profesorado pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria necesario para impartir estas ensinanzas.

Artigo 2. *Proxecto de formación profesional autorizado*

1. Autorízase un proxecto experimental de formación profesional no centro 36011634-IES Politécnico de Vigo, en colaboración coa empresa Benteler Automotive Vigo, S.L., para que ata 20 persoas poidan realizar o ciclo formativo de grao medio de Mantemento Electromecánico (MIMA03).

Artigo 3. *Plan de formación e aprendizaxe*

A distribución da formación curricular, a distribución global e duración do proxecto, a temporalización dos módulos profesionais, a adquisición por parte do alumnado de cualificacións e unidades de competencia, e a especificación das horas de formación que se realizarán no centro educativo e na empresa para cada módulo profesional recóllense no convenio suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora Benteler Automotive Vigo, S.L.

O convenio poderá ser consultado no enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>

Artigo 4. *Requisitos das persoas solicitantes*

Para poderen acceder a este proxecto de formación profesional dual, as persoas aspirantes deberán cumprir o seguinte:

a) Ter entre dezaseis e vinte e nove anos no momento de inicio do programa formativo, no caso dos ciclos de grao medio.

b) Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos establecidos no artigo 36 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, para poder matricularse en todos os módulos



profesionais do ciclo formativo correspondente, e que se detallan no modelo de solicitude, no anexo I desta orde.

c) Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou polo sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.

d) Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.

e) Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

Artigo 5. *Lugar e prazo de presentación de solicitude*

1. Cada solicitante presentará unha única solicitude, segundo o modelo do anexo I da Orde do 6 de xuño de 2014 (DOG do 16 de xuño), que se entregará no IES Politécnico de Vigo ou en calquera dos centros que figuran no anexo II desa mesma orde. Irán dirixidas á dirección do centro educativo do IES Politécnico de Vigo.

Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude, non se terá en conta a súa petición.

2. Este modelo de solicitude estará dispoñible na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

3. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 1 de setembro ata as 13.00 horas do día 15 de setembro de 2014.

Artigo 6. *Documentación*

Á solicitude de admisión deberáselle achegar a seguinte documentación:

a) Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no Sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.



b) Certificación académica relativa aos requisitos de acceso, no caso de non ter realizado os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

c) Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>

Artigo 7. *Procedemento de admisión e matrícula*

1. O procedemento de admisión realizarase en dúas fases:

a) Na primeira fase, o centro educativo, logo de analizar a documentación presentada e de verificar os requisitos das persoas solicitantes, o 16 de setembro fará pública no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente, con indicación do requisito de acceso ao ciclo formativo. Así mesmo, o centro educativo procederá na mesma data ao envío da dita listaxe á entidade colaboradora.

Esta publicación realizarase tamén na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/fp>

Contra esta listaxe, as persoas solicitantes poderán presentar ante a dirección do centro a correspondente reclamación, no prazo de dous días hábiles desde tal publicación.

Logo de resolver as reclamacións presentadas o día 21 de setembro, publicarase no taboleiro de anuncios do centro educativo e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a listaxe coa relación definitiva de persoas solicitantes. Así mesmo, o centro educativo procederá na mesma data ao envío da dita listaxe á entidade colaboradora, de maneira que as persoas que non figuren na listaxe provisional e sexan incluídas na listaxe definitiva se incorporen ao proceso de selección por parte da entidade colaboradora ou a empresa.

b) Na segunda fase, a entidade colaboradora, a partir da listaxe facilitada polo centro educativo e no prazo do 17 ao 25 de setembro, seleccionará as persoas para participar no proxecto de formación profesional dual, que non poderán exceder o número máximo de alumnado a que se refire o punto 1 do artigo 6 desta orde.



Para tal fin, e en virtude do convenio suscrito coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a entidade colaboradora realizará as probas de coñecementos e capacitación profesional e as entrevistas psicoprofesionais para seleccionar as persoas candidatas que teñan o perfil que mellor se adapte ás características da actividade propia da empresa.

Finalizado o período de selección, o centro educativo publicará no taboleiro de anuncios a listaxe de persoas admitidas, a listaxe de persoas en espera ordenadas por orde de prioridade e a listaxe de persoas non seleccionadas.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/fp>

2. No prazo máximo de dous días hábiles desde a publicación das listaxes a que se refire o punto anterior, e antes das 13.00 horas do 30 de setembro, as persoas admitidas deberanse matricular na secretaría do centro correspondente.

3. Contra a relación definitiva de solicitantes a que se refire o punto 1, alínea a), e contra as listaxes de persoas admitidas a que se refire o punto 1, alínea b), as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, no prazo máximo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 8. *Número mínimo de solicitudes de matrícula*

A autorización da oferta do proxecto experimental de formación profesional dual quedará condicionada a que exista un número mínimo de doce persoas seleccionadas. Un número menor de persoas seleccionadas exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento este proxecto experimental de formación profesional dual, e mentres non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar ningunha matrícula.

Artigo 9. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Xa que logo, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade



dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. Coas solicitudes das persoas interesadas deberanse achegar os documentos ou as informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que fosen presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa ausencia, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 10. *Modelos normalizados de formularios*

Para calquera outro trámite distinto da presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional única. *Ordenación académica e avaliación do alumnado*

Este proxecto será regulado polo recollido na Orde do 6 de xuño de 2014 (DOG do 16 de xuño) en canto á titoría, ao desenvolvemento da formación, á avaliación, á continuidade no proxecto por parte do alumnado, ao módulo de formación en centros de traballo e aos módulos xa superados ou validados por parte do alumnado.

Todos os aspectos relativos á ordenación académica e á avaliación sobre formación profesional inicial non recollidos nesta orde ou na Orde do 6 de xuño de 2014 (DOG do 16 de xuño) rexeranse polas normas que con carácter xeral regulan as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución*

Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2014

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO ADMISIÓN Á FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DO SISTEMA EDUCATIVO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED513A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	

ENSINANZAS PARA AS CALES SOLICITA SER ADMITIDO			
CÓDIGO DO CENTRO	NOME DO CENTRO	CÓDIGO DO CICLO	CICLO FORMATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA	
PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO	
1. Que ten entre dezaseis e vinte e nove anos no momento de inicio do programa formativo.	
2. Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):	
<input type="checkbox"/> Graduado/a en ESO.	
<input type="checkbox"/> Técnico/a auxiliar.	
<input type="checkbox"/> Técnico/a.	
<input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011).	
<input type="checkbox"/> 2º curso do 1º ciclo experimental REM.	
<input type="checkbox"/> Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do Plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimental.	
<input type="checkbox"/> Algún dos requisitos de acceso a ciclos de grao superior. Márquese a opción que corresponda na epígrafe titulada "para ciclos formativos de grao superior" (véxase máis abaixo).	
<input type="checkbox"/> Outros estudos declarados equivalentes (indíquese cal): <input type="text"/>	
3. Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):	
<input type="checkbox"/> Proba de acceso aos ciclos formativos.	
<input type="checkbox"/> PAU para maiores de 25 anos.	
4. <input type="checkbox"/> Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

1. Que ten entre dezaoito e vinte e nove anos no momento de inicio do programa formativo.
2. Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):
 - Bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, de educación.
 - Bacharelato da LOXSE.
 - Bacharelato experimental.
 - Titulación universitaria ou equivalente.
 - Curso de orientación universitaria ou preuniversitario.
 - Técnico especialista, técnico superior ou equivalente para os efectos académicos.

Outros estudos declarados equivalentes (indíquese cal):

3. Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):
 - Proba de acceso aos ciclos formativos.
 - PAU para maiores de 25 anos.

4. Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR

5. Que non dispoño dunha cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
6. Que non realicei con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumpro os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.
7. Que non superei ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado cursando previamente este ciclo formativo.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.
- Currículo co formato Europass.

REQUISITOS XERAIS DE ACCESO (marque cun X a opción correspondente):

Só no caso de non ter realizado os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, achegarase a documentación correspondente.

- Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso (acceso directo).
- Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).
- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxftp@edu.xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 6 de xuño de 2014 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Orde do 20 de agosto de 2014 pola que se amplían os proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, autorizados pola Orde do 6 de xuño de 2014.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Nome do centro educativo



UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

